



Concello de Vigo

ISAURA ABELAIRAS RODRÍGUEZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **21 de febreiro de 2011**, adoptou o seguinte acordo:

40.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS BIBLIOTECARIOS COMPLEMENTARIOS PARA A BIBLIOTECA DE AV. MARTINEZ (XOSE NEIRA VILAS). EXPTE. 12178/331.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 15.02.2011, e coa proposta do xefe do departamento de Cultura e Bibliotecas do 17.02.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar á LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L. o procedemento aberto para a contratación DOS SERVIZOS BIBLIOTECARIOS COMPLEMENTARIOS PARA A BIBLIOTECA DA AVDA MARTINEZ (“XOSE NEIRA VILAS”)(EXPTE.12178-331) por un prezo total de 546.447,99 euros (IVE incluído) que se desglosa nas seguintes partidas:

Organización Xeral dos servizos 378.781,55 euros.

Actividades de dinamización e extensión bibliotecaria 62.445,60 euros.

Difusión e comunicacións 46.834,20 euros.

Subscricións 9.366,84 euros.

Fondos bibliográficos 33.408,40 euros.

Consumibles 7.805,70 euros.

Mantenemento xeral de equipos necesarios para o funcionamento bibliotecario 7.805,70 euros.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

2º.- Que se autorice o inicio efectivo das prestacións do contrato de servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca Xosé Meira Vilas, da Avda Martinez Garrido (expte 12178-331) con efecto a partir do día seguinte a sinatura.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvidade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a vinte e dous de febreiro do ano dous mil once.

am

V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.

